

PE 03 : AMPLIACIÓN E REDUCIÓN DO ALCANCE DA LICENZA DE USO

Contido

1. - OBXECTO	2
2. - ÁMBITO DE APLICACIÓN	2
3. - DOCUMENTOS DE REFERENCIA	2
4. - DEFINICIÓNS	2
5. - DESENROLO	2
5.1. - <i>Ampliación do alcance da licenza de uso</i>	2
5.1.a. - AMPLIACIÓN DO ALCANCE PARA PRODUTOS DE NATUREZA SIMILAR E MESMA MARCA COMERCIAL	3
5.1.b. - AMPLIACIÓN DO ALCANCE PARA PRODUTOS DE NATUREZA SIMILAR E DISTINTA MARCA COMERCIAL	3
5.1.c. - AMPLIACIÓN DO ALCANCE PARA PRODUTOS DE NATUREZA SIMILAR E DISTINTA MARCA COMERCIAL PROPIEDAD DE DUNHA ENTIDADE DISTINTA Á INICIAL	3
5.1.d. - AMPLIACIÓN DO ALCANCE PARA PRODUTOS DE NATUREZA SIMILAR E DISTINTA MARCA COMERCIAL PROPIEDAD DE DUNHA ENTIDADE LICENZATARIA DA MARCA	4
5.1.e. - AMPLIACIÓN DO ALCANCE PARA PRODUTOS DE DISTINTA NATUREZA	4
5.2. - <i>Redución do alcance da licenza de uso</i>	4
6. - REXISTROS	5

Galicia Calidade, S.A.U. C.I.F.: A-15 522 212 Inscrita no Rexistro Mercantil de A Coruña, Tomo 1711, da Sección Xeral, folio 134, folla C-15034

Rev	Apartados modificados
03	5.1.b Inclusión de táboa de identificación de cambios
04	5.1.a e 5.1 (paragrafo final) Cambio de xerencia
05	Substitución de GALICIA CALIDADE, S.A. por GALICIA CALIDADE, S.A.U. Cambio de xerencia
06	Cambio de xerencia
07	inclusión de apartado 5.1.d e renumeración do 5.1.e

ELABORADO	REVISADO	APROBADO
ASINADO: Javier de Miguel González CARGO: Director Técnico	ASINADO: M ^a Belén Vidal Piñeiro CARGO: Responsable de Calidade	ASINADO: Ana Méndez Gil CARGO: Directora Xerente



PE 03 : AMPLIACIÓN E REDUCIÓN DO ALCANCE DA LICENZA DE USO

1. - OBXECTO

O presente Procedemento ten por obxecto describir o sistema implantado en GALICIA CALIDADE, S.A.U. para levar a cabo a ampliación ou redución do alcance das licenzas de uso da marca de garantía *Galicia Calidade*.

2. - ÁMBITO DE APLICACIÓN

O presente procedemento é de aplicación a toda ampliación ou redución do alcance das licenzas de uso da marca de garantía *Galicia Calidade* de todos os produtos que ostenten dita marca e que así o soliciten ou que sexa determinado por GALICIA CALIDADE, S.A.U.

3. - DOCUMENTOS DE REFERENCIA

- **PE 02:** "Concesión, mantemento, renovación, suspensión e anulación da licenza de uso"
- **Estatutos de GALICIA CALIDADE, S.A.U.**

4. - DEFINICIÓNS

- **ALCANCE DA LICENZA DE USO:** Produto ou conxunto de produtos aos que se lle concedeu a licenza de uso da marca de garantía *Galicia Calidade*.
- **PRODUTO:** Produto ou servizo resultante dun proceso

5. - DESENROLO

5.1. - *Ampliación do alcance da licenza de uso*

A ampliación do alcance da Licenza de Uso da marca de garantía, realizarase previa notificación por escrito a GALICIA CALIDADE, S.A.U. que resolverá en función da natureza da ampliación solicitada, a saber:

- a) O produto para o que se solicita a ampliación, é de **natureza igual ou similar**, tanto nas características do mesmo como no seu proceso de realización e o seu control, ao que ostenta a marca, e comercialízase coa **mesma marca comercial**.
- b) O produto para o que se solicita a ampliación, é de **natureza igual ou similar**, tanto nas características do mesmo como no seu proceso de realización e o seu control, ao que ostenta a marca, e comercialízase con



PE 03 : AMPLIACIÓN E REDUCIÓN DO ALCANCE DA LICENZA DE USO

distinta marca comercial.

- c) O produto para o que se solicita a ampliación, é de **natureza igual ou similar**, tanto nas características do mesmo como no seu proceso de realización e o seu control, ao que ostenta a marca, e comercialízase con **distinta marca comercial**, exercendo a titularidade desta última unha **entidade distinta** a que ostenta a licenza de uso da marca de garantía Galicia Calidade.
- d) O produto para o que se solicita a ampliación, é de **natureza igual ou similar**, tanto nas características do mesmo como no seu proceso de realización e o seu control, ao que ostenta a marca, e **comercialízase por outra empresa licenzataria** cunha marca da que é titular.
- e) O produto para o que se solicita a ampliación, é de **natureza distinta** ou, sendo de similar natureza, o proceso de realización difire significativamente do produto/s ou servizo/s para o/s que se concedeu a marca.

En todos os casos, GALICIA CALIDADE, S.A.U., poderá solicitar información complementaria respecto á natureza, características, calidade e proceso de realización dos produtos, para determinar a cal dos apartados anteriores pertence a solicitude de ampliación de licenza de uso.

5.1.a. - AMPLIACIÓN DO ALCANCE PARA PRODUTOS DE NATUREZA SIMILAR E MESMA MARCA COMERCIAL

Abondará coa autorización por parte da Xerencia de GALICIA CALIDADE, S.A.U., previa notificación por escrito, da solicitude de ampliación do alcance da licenza de uso. Non obstante GALICIA CALIDADE, S.A.U., solicitará para tal autorización a información complementaria que considere necesaria para a comprobación da natureza, calidade, forma de realización e sistema da calidade que afecte a dita ampliación.

5.1.b. - AMPLIACIÓN DO ALCANCE PARA PRODUTOS DE NATUREZA SIMILAR E DISTINTA MARCA COMERCIAL

Ídem do caso anterior.

5.1.c. - AMPLIACIÓN DO ALCANCE PARA PRODUTOS DE NATUREZA SIMILAR E DISTINTA MARCA COMERCIAL PROPIEDAD DUNHA ENTIDADE DISTINTA Á INICIAL

A Xerencia de GALICIA CALIDADE, S.A.U. elevará a proposta ao Comité de Certificación para a súa aprobación, facendo constar na mesma que o produto é de natureza e características iguais ou similares ás do produto que xa ostentan a marca de garantía *Galicia Calidade*.



PE 03 : AMPLIACIÓN E REDUCIÓN DO ALCANCE DA LICENZA DE USO

A empresa solicitante deberá acreditar ante GALICIA CALIDADE, S.A.U. o uso exclusivo da marca comercial para o produto ou servizo para o que se solicita a ampliación da Licenza de Uso.

5.1.d. - AMPLIACIÓN DO ALCANCE PARA PRODUTOS DE NATUREZA SIMILAR E DISTINTA MARCA COMERCIAL PROPIEDAD DUNHA ENTIDADE LICENZATARIA DA MARCA

Abondará coa autorización por parte da Xerencia de GALICIA CALIDADE, S.A.U., previa notificación por escrito, da solicitude de ampliación do alcance da licenza de uso. Non obstante GALICIA CALIDADE, S.A.U., solicitará para tal autorización a información complementaria que considere necesaria para a comprobación da natureza, calidade, forma de realización e sistema da calidade que afecte a dita ampliación.

A ampliación afectará á licenza da empresa fabricante e a licenza da empresa titular da marca coa que se comercializa o produto.

O alcance das auditoría e controis que Galicia Calidade, S.A.U. realice serán ampliados conforme aos novos alcances das licenzas de ambas empresas.

5.1.e. - AMPLIACIÓN DO ALCANCE PARA PRODUTOS DE DISTINTA NATUREZA

GALICIA CALIDADE, S.A.U., solicitará a información técnica e administrativa relativa do produto para o que se solicita a ampliación. O Departamento Técnico de GALICIA CALIDADE, S.A.U., realizará as verificacións oportunas (auditoría, inspeccións), para avaliar, dende o punto de vista técnico, a aptitude do produto para a utilización da marca de garantía *Galicia Calidade*.

Se a verificación do departamento técnico é favorable, a Xerencia de GALICIA CALIDADE, S.A.U. elevará ao Comité de Certificación a proposta de ampliación para a súa aprobación.

GALICIA CALIDADE, S.A.U. poderá establecer e / ou realizar novos controis para todos os produtos e empresas fabricantes dos mesmos, solicitantes da ampliación do alcance.

5.2. - Redución do alcance da licenza de uso

A redución do alcance da licenza de uso da marca de garantía *Galicia Calidade* para os produtos que ostentan dita marca, realizarase de forma automática cando a empresa licenciataria así o solicite. Esta redución do alcance non terá efecto para a modificación da tarifa anual por uso da marca, ata o exercicio seguinte.



PE 03 : AMPLIACIÓN E REDUCIÓN DO ALCANCE DA LICENZA DE USO

O Comité de Certificación de GALICIA CALIDADE, S.A.U., cando así o considere, poderá reducir o alcance da licenza de uso da marca de garantía *Galicia Calidade*, podendo actuar por iniciativa propia, ou en consecuencia dos informes ao respecto que se presenten ao Comité de Certificación.

Poderá o Comité de Certificación de GALICIA CALIDADE, S.A.U. aplicar unha redución do alcance da licenza de uso da marca de garantía *Galicia Calidade* como medida cautelar ou sancionadora cando exista un incumprimento por parte da empresa licenzataria dos requisitos esixidos por GALICIA CALIDADE, S.A.U. para dito produto.

Cada vez que se realice un cambio no alcance, a Xerencia de GALICIA CALIDADE, S.A.U., revisará o contrato de concesión ou renovación da licenza de uso, realizando as modificacións oportunas (ou propondo un novo contrato) e comunicándollo as parte interesadas.

6. - REXISTROS

- Modificación do contrato da licenza de uso da marca de garantía *Galicia Calidade*
- Novo certificado de concesión da licenza de uso da marca de garantía *Galicia Calidade*

